



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, N° 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “RULIÑOS”

A tenor das facultades normativas outorgadas polos Artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o Artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo co establecido nos Artigos 15 e seguintes, así como no Título I, Artigos 41 e seguintes, todos eles do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regúlase mediante a presente Ordenanza Fiscal do Prezo Público pola prestación do servizo de “Punto de Atención á Infancia”.

Artigo 1º:

De conformidade co disposto no Artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello de Avión establece o Prezo Público pola prestación do servizo de Punto de Atención á Infancia, o cal chamarase “Ruliños”.

Artigo 2º:

Constitúe o feito impoñible a utilización dos servizos de atención infantil que se prestan a traveso deste P.A.I., segundo a normativa vixente e en cumprimento dos convenios e disposicións que podan emanar da Xunta de Galicia ao respecto.

Artigo 3º:

Son suxeitos pasivos deste prezo público todas aquelas persoas que requiran a utilización destes servizos.

Artigo 4º:

O importe do prezo público a satisfacer pola utilización deste servizo será:

- Por cada hora: 2 euros, ata un máximo de 6 euros por día.
- Establécese un bono mensual, válido para un só neno/a, por importe de 60 euros, sen límite de horas nin días dentro do mes de vixencia do mesmo.

Artigo 5º:

Sobre o importe do prezo público establecido anteriormente, e referido unicamente ao importe do bono mensual, poderanse aplicar as seguintes reducións, acumulables entre si:

- Por familia numerosa: 15 %.
- Por familia monoparental: 15 %.
- Por ter mais de un neno/a da mesma familia no centro: 50 % sobre o segundo e 100 % sobre os demais.

Artigo 6º:

Facúltase expresamente á Xunta de Goberno Local do Concello de Avión para que, á vista de situacións especiais de necesidade, debidamente documentadas e xustificadas, poda establecer, de xeito extraordinario, reducións no prezo para aquelas familias que a súa situación económica non permita o abono dos importes ou ben supoñan unha carga inasumible en todo ou en parte. Podendo, se as circunstancias así o aconsellasen, chegar estas reducións ata o 100 % do seu importe.



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, N° 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

Artigo 7º:

Encárgase á Xunta de Goberno Local do Concello de Avión para que no prazo máximo dun mes, contado dende a entrada en vigor da presente Ordenanza, aprobe un Regulamento de Funcionamento e Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia “Ruliños”.

Disposición Adicional:

No non previsto na presente Ordenanza Fiscal estarase ao disposto nos artigos 41 ao 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 24 ao 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Igualmente, e debido á natureza do centro e servizo de que se trata, prevalecerán sobre a presente Ordenanza, e, no seu caso, sobre o Regulamento de Funcionamento e Réxime Interior previsto no Artigo 7º. da mesma, todas aquelas disposicións, normas ou indicacións que ao respecto emanen da autoridade competente da Xunta de Galicia.